



**CABREIRA**

**N**a información dos milagres de Sn. Pedro Telmo recibida polos anos de 1258 faise mención desta parroquia co nome en latín de Capraria. E nas Sinodais do Señor Bispo Dn. Diego de Avellaneda, do ano 1528, exprésase co de Cabral; pero de moitos anos a esta parte chámanlle Cabreira, que é o mesmo que sitio ou lugar de cabras, acaso por haber nela antigamente moito deste gando, aínda que hoxe en día non o ten. Celebra por Patrón tutelar ao Arcanxo Sn. Miguel, e a festa ten lugar aquí no día da súa Dedicación 29 de Setembro. Componse a súa poboación de 78 veciños que son súbditos polo contencioso político e gubernativo do Xuíz de Salvaterra. Valen os seus décimos 22.500 reais de vellón anuais, que insolidum leva o Párroco. Ten casa Reitoral, e Igrexario conxunto a ela de 18 ferrados de pan en semente. Percebe ademais de renda foral cada ano 54 ferrados de trigo, 56 de centeo, 53 de miúdo, 76 de millo e 14 galiñas. A fábrica da Igrexa cobra medio ferrado de trigo, 1 de centeo, con 5 reais e 28 marabedis en diñeiro. Segundo as Sinodais do Sr. Bispo Avellaneda, citadas enriba, este Beneficio era entón de presentación Ordinaria da Dignidade Episcopal, e actualmente é dos Sotos Altamiranos como posuídores do Vinculo de Varcia de Lira fundado por Francisco de Aballe. Pola traseira da Capela Maior da Igrexa parroquial, e baixo o escudo de armas dos Patróns do Beneficio, ten gravado o seguinte rótulo

“Heste coro mando hacer  
Dn. Tomas Salgado año de 1710.”

Este Dn. Tomas era Brigadier dos Reais Exércitos e Patrón do Curato que vivía daquela. Ten Cabreira Capela dedicada a Sn. Roque. Confina co Río Tea: e entre ela e Salvaterra está a ponte da fillaboa. Dista da Capital Tui segua e media.” (Ávila y La Cueva, 327-328).



070

**SAN MIGUEL**



## Igrexa parroquial

A igrexa actual foi construída no ano 1710 segundo a inscrición que hai baixo o **escudo de armas dos Salgado (072)**, no paramento leste, xa que eran patróns da presentación dese Beneficio nese momento. Antigamente fora de designación ordinaria polo Bispo.

En 1884 o padroado pertencía á Casa Miranda, o mesmo que sucedía na parroquia de Pesqueiras.

A igrexa ten forma de cruz latina, cunha soa nave, na que se abriron dúas capelas laterais, máis baixas, antes de chegar ao arco triunfal.

O piso de pedra conserva a forma que tiñan antigamente as naves das igrexas para realizar enterramentos nela.

Os tramos da nave divídense polas columnas de apoio dos arcos apuntados. A cada lado das columnas, unha ménsula de apoio entre a columna e o paramento sustenta os nervos formando unha sinxela arquearía onde apoia a bóveda de ladrillo.

No último tramo, un arco formeiro de medio punto a cada lado, coas arestas rebaixadas, abre as capelas laterais que forman a cruz. No lado norte está a da Inmaculada que ten os paramentos e a bóveda totalmente revocados.

A **capela do Carme (073)**, ao sur, conserva a bóveda de cruzaría de catro potentes nervos, co apoio en ménsulas e coa clave central adornada cunha flor aberta.

O arco triunfal é tamén apuntado, seguindo a tónica dos da nave, pero adórnase, ao igual que as súas columnas, con labra de dobre bocel nas arestas. O remate da columna continúa a modo de cornixa ata a ménsula que dá orixe á arquearía do tramo último da nave.

Sobre a repisa das columnas do arco triunfal, cara ao interior, ten cada unha seu **veno sustentando unha lámpada (074)**. Son fermosas tallas barrocas. Antigamente estas representacións servían para manter colgadas unhas pequenas bandexas onde se colocaba a vela que sinalaba a presenza do Santísimo reservado no Sagrario.

A arquearía da capela maior é tamén de catro nervos, pero non apoia en ménsulas, senón directamente no ángulo dos paramentos.

Conserva, no paramento norte, con acceso pola sancristía, o balcón onde, como lugar reservado, os patróns da parroquia puideran asistir ás celebracións moi preto do altar.





O tellado é a dúas augas, excepto na capela maior, que se presenta un pouco máis alto a catro augas, con pináculos de bola nos extremos e cruz de remate.

A fachada oeste (069) presenta dividida en tres corpos nos laterais por medio de molduras, con pilastras extremas sobre basas potentes e tamén molduradas. No centro, e sen divisións interiores, con basas similares, adiántase a torre flanqueada de outras dúas pilastras que ascenden ata a base do campanario, e enmarcan a porta principal, que é moldurada e de arco semicircular. A cada lado, entre as pilastras, neste corpo inferior hai dúas fiestras a modo de saeteiras alargadas e con molduras.

As pilastras laterais rematan en pináculos cónicos apuntados, e da súa base parte unha pequena cornixa que ascende ata a torre.

No centro da torre nesta fachada hai unha ventá en forma de cruz dos evanxelistas, con moldura exterior que prolonga os nervos ata o centro da mesma.

O campanario de forma cuadrangular abre, sobre unha cornixa voada, os catro ocos das campás en arcos de medio punto abocelados e con adorno superior. Cêrrase con outra cornixa na que se apoia un tambor octogonal como base da cúpula rematada con veleta e pararraios metálicos. Xunto ao tambor hai catro pináculos cónicos e de bola.



075



076



077

A igrexa sufriu diversas reformas no século XIX e no XX, no que se lle deu máis altura. Pódese apreciar esta modificación na zona do presbiterio fixándose na pedra que se engadiu. A altura orixinal da capela maior vese claramente que era unha fiada de perpiaño por riba do escudo dos Salgado. Tamén se aprecia nas ventás.

Os paramentos laterais conservan dous dos primitivos contrafortes a cada lado antes de chegar ás capelas laterais. A cornixa morre bruscamente contra a capela maior. Rematan apilastrados en ángulo a cada lado do muro leste.

**A capela do Carme (075)**, no vento sur da igrexa, presenta pilastras angulares a modo de apoio da cornixa do tellado a dúas augas. E sobre elas elévase outro apoio para a cornixa de remate do fronte, moi ben traballada, resaltado o quebro do centro, onde se remata cunha pequena columna que sostén a **imaxe pétrea desta advocación (076)**. Nos extremos hai pináculos cónicos con remate flamíxero. No do oeste apóiase o **reloxo de sol (077)**.

No centro do paramento atópamos o **escudo do Carme (078)** nun relevo de moi boa labra e con dous anxos sostendo a coroa que o remata.



Conserva catro retablos: o Maior a S. Miguel, na capela do Carme o desta advocación e o da Virxe das Angustias e Ánimas, e na outra capela o da Inmaculada.

O **retablo maior (071)** preséntase moi plano ocupando todo o testeiro da capela maior, pero ten unha gran simetría, polo que podémolo datar no primeiro cuarto do século XVIII.

Presenta claramente tres rúas cerradas por pilastras a interior e por columnas salomónicas no exterior. Cérrese con dous amplos gardapós ata a parede lateral.

O banco pãrtese para dar sitio á fornela central, na que se centra o sagrario, actualmente de metal dourado que non pertence o conxunto do retablo.

Os apoios das columnas e dos estípites adórnanse cunha flor sentada sobre follaxe, mentres os entrepanos son aproveitados para colocar as peñas das rúas laterais.

As fornelas son planas. As laterais rematan en arcos trilobulados e orelleiras con acios de froitas. A central remátase en plano co marco quebrado. As pilastras que a enmarcan adórnanse con venera inferior e parella de **nenos enlazados (079)** por vexetación en cada unha delas.





No friso do entablamento, no centro de cada unha das rúas, mostra cabezas de anxos sobre follas, e enriba de cada soporte dados con flor abotoada.

Os gardapós conteñen na parte central relevos en forma de **medallón cos evanxelistas (080)**, dous a cada lado e rematan, tanto na parte inferior coma na superior, con floróns. (Na parte inferior da esquerda foi substituído o florón polo adorno do friso que apoia o entablamento, en forma de espello).

O ático distribúese, seguindo o corpo do retablo, en tres encasamentos tamén planos. O central é maior e enmárcase con machóns decorados con froitas. Os laterais, enriba dos gardapós, cêrranse con arcos. Por riba dos encasamentos atopamos rodela que nos levan ao **escudo de armas central, pertencente ós Salgado (081)**.

A fornela central ocúpaa o **Crucificado (082)**, e as laterais **S. Xosé (083)** e unha imaxe da Virxe que non pertence a este conxunto.

No ático, preside o patrón, **S. Miguel (070)**, e nos laterais S. Sebastián e Sta. Lucía.

O Retablo do Carme presenta unha gran sinxeleza. Cobre practicamente o paramento adaptándose a el e dando profundidade por medio da convexidade das rúas laterais.

Está sobre un pequeno sotobanco apoiado directamente no altar de pedra. Catro columnas lisas con capitel corintio distribúen as tres rúas que o forman. As extremas apoian en ménsulas acodadas na parede directamente, e as interiores, que cerran a rúa central, sobre o sotobanco.

As rúas son planas, formando pseudofornelas sobre as que se apoia a peaña e o remate floral nas laterais. Estas están ocupadas por S. Bieito e **S. Elesbán (085)**, santo carmelita africano que atopamos tamén no retablo do Carme da Catedral de Tui na Capela das Reliquias.

Remátanse cun entablamento amplo no que se apoia o ático semicircular.

A rúa central vai en continuidade desde o sotobanco ata o remate do ático partindo o entablamento de apoio do mesmo. O sagrario serve de apoio á imaxe da Virxe. Ten a porta decorada co Año portando a Cruz sobre o libro e rodeado de raios. O conxunto enriquecese con molduras curvas e douradas.

Por riba da imaxe, un dosel co escudo do Carme sostido por dous anxos, do que colgan a ámbolos lados unhas teas a modo de cortinas. O mesmo tipo de adorno colócase na parte central do ático para cerrar esta rúa central, estendéndose ata os laterais. O resto dos adornos son catro antorchas, dúas nos extremos e dúas máis ao centro.





Nesta mesma capela hai outro **retablo** no que se honra á **Virxe das Angustias** (084).

Está situado no paramento leste, sen altar, e apoiado sobre o mesmo muro onde se lle fixo lugar para a súa localización. Atópase reformado e con engadidos.

Sobre un amplo banco con adornos xeométricos e vexetais, dúas columnas salomónicas apoian un pequeno entablamento partido. No centro unha fornela con pilastras estriadas e dobre arco trilobulado para acoller a **imaxe da Virxe** (086) con Cristo morto no seu colo.

Entre as bases das pilastras sitúase a táboa de Ánimas en relevo.

Enriba do arco da fornela, a Cruz de penitencia, baleira e co pano para o descendemento.

O retablo remata en arco de medio punto, adornado con cabezas de anxo nos laterais, e no centro, como remate, un anxo sostén unha cartela coa lenda “POSUIT ME DESOLATAM” e o martelo e as tenazas.

As entrerúas, levan floróns e rocallas. Na parte exterior, a modo de gardapós, motivos florais cun anxo enlazado neles.







Na outra capela lateral está o **retablo da Inmaculada (087)**.

Presenta tres rúas separadas por pilastras estriadas que apoian directamente sobre o banco. Este céntrase no altar, adornado cun escudo co anagrama de María. As rúas laterais preséntanse totalmente planas cunha peaña adornada coa cabeza dun anxo. Están ocupadas por Sta. Rita e **Sto. Antonio de Padua (090)**.

A rúa central presenta o Sagrario e unha gran fornela rematada cun arco trilobulado. Adórnase con rocallas e flores, e no remate dous anxos.

Nos laterais exteriores a cada un dos lados, en relevo, representa tres santos que están relacionados coa devoción á Virxe: S. Bernardo, Sto. Domingo e Sta. Tareixa de Xesús na dereita, e na esquerda: S. Ildefonso, S. Tomé de Aquino e Sta. Catarina de Siena.

O retablo remátase cun entablamento plano nas rúas laterais e de arco de medio punto na central. Nos ángulos de unión presenta dous nenos sustentando cornos da abundancia e acios de froitos.

O muro de cerre do adro conserva algunhas das cruces do antigo Vía Crucis. Teñen o fuste octogonal, ao igual que os brazos e o remate, pero estes terminan en cadrado.

No extremo, xunto á entrada do adro dende a estrada xeral, atopamos un fermoso **monumento á Inmaculada (088)** erixido en 1904. Sobre unha base de pedra, unha rexeira acolle a columna e un mausoleo de pedra labrada. A columna é circular e aséntase nunha alta base. O capitel é de follas de acanto e en cada unha das esquinas un **anxo (089)**. A imaxe representa a Inmaculada sobre a Lúa apoiada na terra rodeada dunha corte de anxos e pisando a cabeza do inimigo.

A placa de mármore que ten colocada na rexeira di:

“A LA PROTECTORA DE CABREIRA  
EN EL QUINCAGESIMO AÑO  
DE LA DECLARACIÓN DOGMÁTICA  
DE SU CONCEPCIÓN  
A. D. M C M III”

O documento máis antigo que se conserva no arquivo parroquial é do ano 1883 e trata do reparto de augas da poza da Igrexa, feito por todos os levadores de auga no ano 1858 ante o Xuíz de paz en Salvaterra, D. Domingo González Núñez.



No Museo Diocesano ten depositados un crucifixo con peaña e unha imaxe da Inmaculada, ambos en talla de madeira, xunto con algunhas xoias doadas pola devoción popular.

## Capela de S. Roque

Preto da igrexa, no barrio de S. Roque, está unha capela. Ten unha soa nave rectangular. A fachada principal preséntase con gran sinxeleza. Cerrada por pilastras extremas rematadas en pináculos. No centro unha porta moldurada e con arco de medio punto e nos lados dúas pequenas ventás. Á altura dos pináculos, no centro da fachada, presenta un óculo moldurado. Remátase nun pequeno campanario central con pináculos e un pequeno tambor para soste o pé da cruz.

O tellado é a dúas augas. O piso e as paredes son de pedra, e no interior están enfuscadas. Ten un pequeno retablo a S. Roque.

No recinto hai un peto de ánimas e un cruceiro.



O peto de ánimas, na súa parte inferior, mostra en dúas liñas a data de construción: “DEVOCIÓN DE JOSÉ (GO)NZALEZ AÑO DE 1833”. O retablo pétreo enmárcase con pilastras e representa tres almiñas, a do centro en actitude orante.

O **cruceiro (091)** levántase sobre tres chanzos. No centro da base ten unha placa de mármore cunha inscrición coa seguinte décima:

*“TU QUE PASAS MIRAME  
TODO CUBIERTO DE LLAGAS  
HAY HIJO QUE MAL ME PAGAS  
LA SANGRE QUE DERRAME  
MAS ESPERA Y TE DIRE  
PUES QUE TANTO PADECI  
SI LO MAS HICE POR TI  
QUE FUE MORIR POR SALVARTE  
SI TU TE MUEVES A MI  
COMO NO HE DE PERDONARTE”.*

O varal é cilíndrico e no máis alto ten adosada unha imaxe da Inmaculada. O capitel de forma cuadrangular sostense con catro nenos nos esquinais. Enriba o Cristo morto na cruz semellando madeiros e un anxo recollendo o sangue no cáliz. Rodéano catro imaxes, nas que distinguimos a Virxe e S. Xoán no fronte.

#### FESTAS E ROMAXES DE CABREIRA

- San Miguel: 29 de Setembro.
- Virxe das Angustias: 2º domingo despois de Pascua.
- San Roque: 16 de agosto